

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº6 / Ano: 2020 / 2º xornal Mes de xuño / en desescalada polo coronavirus

QUITARANNOS O QUE QUEIRAN... PERO XAMAIS O VIVIDO ALÍ...

Con estas palabras Álvaro Camaway quere facer unha pequena incursión nas súas vivencias na camawuayana praia e acampada de Melide en Ons.


Páx. 1



ONS NO MEU CORAZÓN

Outra gran obra que todos os que aman Ons teñen que ter na súa biblioteca. O seu autor, Julio Santos Pena, foi mestre en Ons durante os anos que van de 1970 a 1973, e nesa estadía acubillou unha serie de experiencias que neste libro nos fai chegar.


Páx. 1



A asociación cultural **PineirÓns**, a carón do traballo que leva para que se valore a cultura da Illa, tamén mantén unha preocupación polo tema Social, xa que esta Comunidade histórico-etnográfica non pode desaparecer, máis ben pola contra, hai que potenciala e conservala.

Por ese motivo, leva xa uns cantos anos enviando á Consellería de Medio Ambiente, á súa Dirección Xeral de Patrimonio Natural e á Dirección do Parque, uns INFORMES anuais onde explican as problemáticas que atoparon ese ano en Ons e dan as súas suxestións para que se arranxen. Hoxe comezamos coa que ten que ver cun dos apartados do Prux, PRESUPOSTOS, onde lles piden á administración que dea conta aos veciños e persoas interesadas, cal foi a programación do ano 2019 para Ons, que foi o que se realizou, se algo programado non se fixo, por que, e cal foi o gastado dentro do presuposto que había para o ano 2019.

Páx. 2



ONS NA MEMORIA

Un casal de Pereiró que demostra a riqueza agrícola doutras épocas polos seus piornos e casetas.

Páx. 2

DOAZÓN DUNHA CAMPÁ PARA A CAPELA DE CANEXOL.

Doadada polo Vicepresidente da Asociación Cultural PineirÓns, Lino Pazos Pérez, á Asociación de Veciños "Illa de Ons" no ano 1998.

Páx. 2



A ILLA DE ONS XA DISPÓN DE LUZ ELÉCTRICA.

O día 21 de decembro de 1958, inaugúrase en Ons a electrificación que levará un servizo tan necesario como a luz a todos os fogares illáns.

Páx. 3



DERRUBE NO CANTIL DA PRAIA DE CANEXOL

Hai anos, no cantil que dá á Praia de Canexol, produciuse un importante derrube que puido afectar ao importante xacemento romano que se atopa nesa praia.

Necesario un estudo ao respecto para evitar un desastre arqueolóxico.

Páx. 1



A MATANZA DO PORCO EN ONS

Era una das festas máis importantes no ámbito social e familiar.

Páx. 3

QUITARANNOS O QUE QUEIRAN... PERO XAMAIS O VIVIDO ALÍ...

Como comezar esta historia sen que dubidades dela?

Nos últimos anos de Camaway (os 90 s.XX) uns cantos indíxenas, intentabamos pasar o maior tempo posible naquel reduto de Corsarios, Bucaneiros e Filibusteiros, antes da inevitable destrución á que este tipo de paraísos esta mundialmente condenado, (aproximadamente cada 20 anos)... As longas estancias entre 90 e 120 días, obrigaban a aqueles individuos a aprovisionarse con abundantes víveres, líquidos elementos, substancias de luz e incontables aparellos: pratos, coitelos, perolas, tixolas, candeas, mantas, garrafas, “colchóns”, instrumentos, hamacas, roupas varias, etc... Ano tras ano, os utensilios e aparellos de supervivencia se multiplicaban, facendo moi laborioso e complexo o seu transporte, unicamente asistido por aqueles animais case extinguidos a día de hoxe, que poboaban a Illa... (A Mula Camawayana). Isto obrigou a aqueles mozos indómit@s, robust@s, lúcid@s, exótic@s, erótico@s, rapaz@s,..., a agudizar o enxeño, para que toda aquela cantidade de elementos necesarios para a vida cotiá, deixara de ser un inconveniente á hora de ir e vir... co cal, algúns contados CAMAWAYANOS, ano tras ano, ao finalizar a campaña (setembro-outubro) nunhas pequenas caixas de madeira, despois plásticas, cunha orde impoluta, gardabamos e selabamos todos aqueles artigos, que deberían resistir todo un inverno, coas súas inclemencias, naquela Illa case deserta... Como é ben sabido por todos, o universo está cheo de ratiños e ratas de porto, polo que esconder aquelas caixas sen ser vistos por ninguén, contendo todos os teus máis prezados tesouros de anos, non era tarefa doada.

Pois ben, o pasado mes de maio (2007) decidín pasar uns días na ditosa Illa, acompañado do meu ben máis prezado... O tempo acompañaba, decidimos pasear e visitar a praia de todos... só habitada nese momento por dúas gaivotas... Fantástica tarde... todo era harmónico... nin un téxtil, como nos vellos tempos... a última hora, decidimos irnos..., pero non sen antes facer algo que levaba roldándome uns anos... internarme naquel eucaliptal, que nos veu crecer durante décadas e intentar recoñecer o lugar e chegar á zona onde acampeí na última época, bautizada como Beverly Hills... por algún trastornado... jijjj.

Pois así o pensei... así o fixen... armado cunha boa vara interneime naquela xungla, mal chamada bosque, facéndome camiño polo medio de troncos caídos, paus rotos, silvas e fentos do meu tamaño, intentando recoñecer o lugar, o meu sitio, o meu fogar... Unha grande rocha... un toco dun xigante eucalipto... un pequeno muro de pedras... o mar ás miñas costas... camiño de arriba... fonte á esquerda... e de súpeto... Ohhhhhhh... “O achado”, a miña vara tropeza cun vulto sospeitoso no medio de toda aquela maleza... susto... intriga... atención... de que se trata? Aquí xa non pode haber nada... que coño... limpo máis maleza ao seu redor... golpéoo e asombrosamente, regreso no tempo 22 anos atrás... E recoñezo impecable... como eu o deixara fai máis de dúas décadas, a miña cama... o meu colchón, envolto nunha lona ignífuga que traía cando montaba escenarios por España... Jajajajjj... fascinante... tormenta de sensacións, harmonía e satisfacción de que un dos meus tesouros soterrado... volvera a min... e me fixera recordar o tan feliz que fun,, e o tan afortunado que son hoxe...

FREE CAMAWEY!!!!



Álvaro coas súas pertenzas. Viva Camaway!!!!

Porque fun mestre na Illa ONS NO MEU CORAZÓN


Así describen este magnífico libro: “Este libro contén vinte e cinco relatos doutras tantas experiencias vividas por un dos últimos mestres da Illa de Ons a principios dos anos setenta do pasado século. O autor límitase a contar algunhas das súas propias vivencias durante os tres anos en que exerceu como mestre na escola unitaria do lugar onde aínda vivían moitas das familias que acabaron por trasladarse “a terra” na procura de mellores condicións de vida. Moitos dos seus alumnos, hoxe avós e avoas, recordarán con el as cousas que aquí se contan e gozarán coa lembranza daquela marabillosa infancia vivida con pouco de todo, pero en xeral, con moito agarimo.

A vida en Ons era moi singular e, en especial, para un mestre novo, para o que todo era engaiolante naquel intre, que foi recibido como un máis naquela singular sociedade na que el aprendeu a sentirse illán e a querer a aquela xente, a súa xente.

DERRUBE EN CANEXOL

Hai xa uns cantos anos produciuse un importante derrube na zona da Praia de Canexol, xusto a poucos metros do importante xacemento romano sacado á luz no ano 2009 por Paula Ballesteros. Xa daquela, postos en contacto coa administración, pediuse

que se tomaran medidas de urxencia, que non foron tomadas en conta aínda e que, co tempo, poden producir máis derrubes que poñan en perigo este interesante xacemento.



ENTREGA DUNHA CAMPÁ PARA A CAPELA DE ONS POR PARTE DE LINO PAZOS

No ano 1998, o Vicepresidente da Asociación PineirÓns, Lino J. Pazos Pérez, agasalla á Asociación de Veciños "Illa de Ons" dunha campá para a antiga capela de Canexol que levaba moitos anos sen ela. A campá procedía dun barco naufragado e que Lino conseguira para a súa colección particular de materiais mariños e que preferiu que estivese no campanario da capela de Ons que no salón da súa casa.

Ese ano fora reparada a capela de Canexol coa aportación de todos os illáns. No día de San Xaquín, celebrouse a misa e a procesión arredor da vella capela e a campá non deixou de repenicar en toda a xornada festiva.



PUNTO 5.5.3 DO INFORME ENVIADO POR PINEIRÓNS Á DIRECCIÓN DO PARQUE NACIONAL EN VIGO

A asociación cultural PineirÓns enviou ao Parque un Informe sobre as problemáticas atopadas na Illa de Ons neste pasado ano de 2019. Entre elas, queremos destacar neste Onstopus, esta que fai relación coa: **Programación e resultados de Parques para Ons nese ano e que estes estean á vista de todos**. Así lle escribían:

"Sempre reprobamos a actitude da administración (neste caso Consellería de Medio Ambiente e Parques, agás con Ethel Vázquez de Conselleira), por non contestar nunca aos nosos escritos, iso demostra unha falla de honradez por parte dos políticos e altos funcionarios, xa que están pagados cos nosos impostos e, sen embargo, danos de lado cando solicitamos información ou mandamos escritos para ser contestados, pois, cando o facemos, é porque a contestación interesa ou é importante para quen os manda.

Neste pasado ano 2019 foi aprobado un PRUX para o Parque Nacional. Nel contéplanse as Leis ou Normas polas que teñen que rexerse tanto veciños como visitantes e supoñemos que tamén a administración.

Esperamos que a Administración, que xa o puxo en funcionamento dende xaneiro de 2019, co que quere dicir que tería unha programación feita para ese ano con proxectos e gastos. Agora rematado ese ano (2019) e estando no mes de xuño (2020), xa pode presentar ante os veciños, e demais persoas que o requiran, cal foi a programación que tiña para a Illa de Ons para ese ano, que proxectos tiñan para realizar, cales foron realizados, cales non e por que, que gastos tiveron este ano segundo o presuposto que tiñan para el segundo o contemplado no Prux,...

SUXESTIÓN:

- Solicitamos transparencia, lealdade e rectitude á administración e que conteste aos nosos escritos, loxicamente incluído este, demostrando que nada ten que esconder (as veces parece que hai medo a contestar) e que hai unha actitude positiva cara ao contribuínte.*
- Que poña ante os veciños de Ons e demais persoas que o requiran o esquema de proxectos para esta Illa no 2019, cales foron conseguidos, cales non e por que, e os gastos que tiveron segundo o programado e contemplado no Prux.*



ONS NA MEMORIA

Aquí unha foto de finais dos anos 70, s.XX. Trátase dunha casa de Pereiró, das consideradas antigos casais. Nótase a riqueza, polo menos agrícola, da familia que a habitaba, xa que ten un bo número de casetas e tres piornos, que demostran o paso do tempo. Un de madeira, o máis antigo, outro de pedra dos anos 50 e ata un de cemento e ladrillo máis moderno.

Foi unha tremenda pena que o piorno de madeira, que se ía deteriorando pouco a pouco, e que era o único que quedaba en Ons, rematou caendo e iso que se intentou que a Administración falara cos propietarios e se adherirán ás axudas que dende Cultura daban, case a fondo perdido, para a reparación destas peculiares construcións que son parte integrante da rica cultura popular galega.



La electrificación de la Isla de Ons

Una obra altamente social y cristiana, debida a la iniciativa del Gobernador Civil

El amplio plan de electrificaciones en la provincia, sigue su curso, siendo un motivo de gran influencia para el decisivo incremento de los medios de progreso de los pueblos del área pontevedresa, labor sin duda extraordinaria y que alienta con indudable celo nuestra primera autoridad, contando con la colaboración valiosa de los organismos y entidades oficiales. Precisamente, ante nosotros tenemos el caso singular de la Isla de Ons, a donde por iniciativa y especial interés del Gobernador civil, Sr. Fernández Martínez, se hizo llegar esta importante mejora de la electrificación, cuya inauguración se hallaba fijada para el día solemne de la Nochebuena. Sobre ello y sus posibilidades hemos hablado con el Ingeniero-Jefe de la Delegación de Industria, don Pedro Ruibal Sabio, a cuya amable atención, debemos la siguiente entrevista:

—¿Qué quiere decirnos algo sobre la electrificación de la Isla de Ons?

—En esta provincia, se confectó hace cuatro años un Proyecto y Plan de Electrificación muy amplio. No obstante, en él no se incluía la electrificación de la Isla de Ons; fué necesario que viniese a regirnos nuestro actual Gobernador civil, Excmo. Sr. D. Rafael Fernández Martínez, para que, rebasando los conceptos técnico-económico, lograrse la altamente social y cristiana iniciativa de electrificar Ons. A él se le debe esta obra y recordamos que hace un año y medio ya visitara la Isla, demostrando vivo interés por atender los acuciantes problemas de aquellas gentes.

—¿Cuándo va a tener lugar la inauguración?

—La inauguración estaba prevista para el próximo día 24, a fin de que, los vecinos de Ons disfrutarán de luz eléctrica en la noche de Navidad, conforme el deseo de nuestra primer autoridad civil. El martes día 9 pasado, fuimos a Ons para preparar el transporte del grupo electrógeno, que es lo único que faltaba para hacer posible la inauguración, don Diego Pazó, con personal de sus Talleres; el Perito Industrial, don Teodoro Gradín, con dos oficiales montadores y un servitor, como Ingeniero-Jefe de la Delegación de Industria; pero al tratar seguidamente del embarque de la maquinaria y materiales, nos encontramos con que, no solamente el temporal de agua y mar impedían toda comunicación marítima con la Isla, sino que los dos montadores de don Teodoro Gradín, quedaron en ella aislados desde entonces y sin poder hacer nada útil, ni regresar a sus hogares. Y, como hoy todavía está cerrado el acceso a la Isla, no podemos concretar fecha, porque desconocemos la duración de estos temporales. Por ello, hemos decidido montar las instalaciones productoras de energía, en un local de Pontevedra para que se pongan en marcha como si estuvieran funcionando en la Isla y sean bendecidas en un acto que tendrá lugar el día 24.

—¿Cuál es la obra realizada y que material comprende?

—Lo que tenemos en Pontevedra para llevar a Ons, es un grupo electrógeno compuesto de un motor a gas-oil de 40 caballos; un alternador de 20 KVA, o sean cerca de 30 caballos, para alumbrado y un transformador de 30 KVA un baño de aceite aislante,

éste último con la doble finalidad de elevar la tensión de la red y de proteger el alternador, ya que, con las tormentas que aparecen sobre la Isla y su poca densidad de casas nos temíamos mucho que una descarga atmosférica inutilizase los devanados en seco del alternador, con avería de reparación larga. Cuenta además la instalación, con dos amplios cuadros de mandos para alternador y red de distribución y protecciones. La red de distribución totalmente terminada y con más de 2.500 metros de líneas generales aparte de derivaciones, en Ons, se extiende con sus conductores a las once aldeas de población. Esta obra, beneficiará a las 77 familias que habitan la Isla.

—¿Qué quiere decirnos ahora, que tiempo hace que se iniciaron las obras de electrificación, que presupuesto alcanzan y como se financian?

—Comenzaremos por el motor, construido totalmente en Pontevedra, por Talleres Pazó, desde mediados de año para terminar con la red de Ons, cuyos materiales fueron llevados a la Isla en septiembre último. El presupuesto total, asciende a ptas. 450.000 en números redondos. Contamos con que el Instituto Nacional de Colonización, subvencione la obra con 90.000 pesetas, y sobre subvenciones de otros Organismos, no puedo anticiparme a lo que ellos en cuantía y en definitiva resuelvan.

—No podemos menos que agradecer la amabilidad e información facilitada por el Sr. Ruibal Sabio, que al despedirnos, añade:

—Como verán, estamos en espera de que amalane el temporal para dar fin a este especial deseo y magnífica iniciativa, de nuestro Gobernador, D. Rafael Fernández Martínez. — S.

EL PUEBLO GALLEGO

21 de diciembre de 1958

CHEGA A LUZ Á ILLA DE ONS

Despois de toda una vida alumándose con lámpadas de carburo e con candeas, por fin a electricidade chega aos fogares da Illa de Ons.

Aínda que tanto a rede instalada con postes de madeira era precaria, a potencia non chegaba a todos os barrios por igual e as horas de luz eran escasas, o certo é que o cambio foi totalmente radical na vida illán.

Inauguraciones en Pontevedra



PONTEVEDRA.— El Gobernador civil, acompañado del General-comandante militar, Presidente de la Diputación, Alcalde, Ingeniero de Industria y demás representaciones oficiales, durante el acto de la bendición del grupo electrógeno destinado a la Isla de Ons, con ocasión de las inauguraciones de la Nochebuena en la provincia. — (F. Graña)

A MATANZA DO PORCO

Partindo da base que a Illa de Ons era unha comunidade agrícola que por razóns económicas, á metade do século XIX, pasou a converterse en mariñeira, pensar que a matanza do porco fora unha das súas principais festas a nivel socio-familiar, chama un pouco a atención.

A carne en Ons era un artigo de luxo. Quitando as aves (polos, galiñas, galos), o manter unhas ovellas, xenas e ata un porco, era bastante complicado, e non digamos gando vacún, por moito que axudara ás faenas agrícolas e aproveitaran o seu leite.

Ter en conta que unha boa parte da produción agrícola ía para o pago da renda agraria que lle esixían os diferentes donos ou administradores da Illa, e a produción que quedaba era para autoconsumo xunto co peixe.

A bonanza económica que chegou coa salga, despois co desenvolvemento da pesca, e xa a partir dos anos 50 s.XX cos barcos a motor, trouxo que a crianza de animais, sobre todo porcinos, aumentara e que a súa carne fora parte da dieta das casas illáns, aínda que o peixe era a base alimenticia diaria.

Aínda así non para todos os illáns era doada a súa cría, pois seguía requirindo o dedicar unha parte da produción agrícola á súa alimentación e, nalgúns casos, ter que comprar o alimento, pero iso non impedía a súa cría, e alimentalos ben era un reto, non só porque ía a aumentar o seu volume cárnico, senón para poder presumir diante dos demais veciños por ter criado o porco máis grande.

Días antes da matanza, avisábase á persoa adecuada para realizar a faena, á vez tamén a familiares e amigos para levala a cabo. Xunto ao *matarife* ía o especialista en despece que polo xeral, era a persoa que logo ditaminaba cal fora o porco mellor criado na Illa. Na casa xuntábanse todos, axudaban e logo participaban no convite, onde non faltaba o viño, a empanada de peixe ou polbo e os ovos con pan de millo. Había moita parolada e cantarela, rematando ás veces, de madrugada. Toda unha festa!!!

